



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

NOTIFICACIÓN DE ACORDO DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Comunícolle que, con data 24-11-2025 o Alcalde - Presidente ditou a seguinte resolución con número 250/2025 que de seguido se transcribe:

“

DECRETO DE ALCALDÍA

ASUNTO: CORRECCIÓN ERRO CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO 27 DE NOVIEMBRE DE 2025

EXPTE TEDEC: 2025/G010/000008

Visto que con data 24 de novembro, se ditou o Decreto 249/2025, no que se aproba a convocatoria do Pleno Ordinario a celebrar o 27 de novembro de 2025.

Detectado un erro na relación de acordos da convocatoria, e en aplicación do artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, poderán rectificar en calquera momento os erros materiais, de feito ou aritmético existentes nos seus actos, esta Alcaldía, **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar a rectificación da convocatoria do Pleno, sendo o texto corrixido o seguinte:

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria de data 25/09/2025 e da sesión extraordinaria de data 27/10/2025.

2º. Aprobación da modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Fraides.

3º. Aprobación da encomenda de xestión en materia de selección do persoal funcionario interino para o posto de arquitecto/a a Deputación.

4º. Aprobación da Conta Xeral do Municipio do exercicio 2024, que quedou cumpridamente xustificada.

5º. Aprobación do proxecto Mellora de seguridade viaria Os Canedos (Mesos) e outro e a solicitude da achega nominativa para o seu financiamento a Deputación Provincial de A Coruña

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

6º. Dación de conta do informe de intervención de control interno 2024 e dos reparos de intervención.

7º. Dación de conta de asuntos económicos.

8º. Decretos da Alcaldía e comunicacións.

9º. Mocións de urxencia.

10º. Rogos e preguntas.

Segundo. Notificar este decreto aos/ás Srs./Sras. Concelleiros/as e publíquese no taboleiro de anuncios do Concello.

Fraides, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde Roberto Rey Martínez ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública.”

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

Comunícaselle isto para o seu coñecemento e para os efectos oportunos, e fágolle saber que este acordo é definitivo na vía administrativa e que contra el poderá formular un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte a esta notificación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña na forma prevista pola Lei reguladora da dita xurisdición, do 13 de xullo de 1998. Tamén poderá interpor, con carácter potestativo e previo ao expresado recurso contencioso-administrativo, un recurso de reposición ante o órgano que ditou esta resolución no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao que reciba esta notificación, en cuxo caso non poderá interpor o recurso contencioso-administrativo se non é dentro dos prazos fixados pola mencionada lei, desde que lle sexa notificada a resolución expresa ou desde que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto; esta desestimación presunta producirase se transcorre un mes sen que se ditase e notificase a resolución do recurso de reposición. Porén, advírtolle que poderá utilizar calquera outro recurso se o cre conveniente.

Frades, luns 24 de novembro de 2025

Documento asinado dixitalmente pola Secretaria Dona María Lourdes Castro Pena